



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo	Código	662G01024	
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Pérez García, Antonia	Correo electrónico	antonia.perezg@udc.es	
Profesorado	Pérez García, Antonia	Correo electrónico	antonia.perezg@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Proporcionar ao alumno os coñecementos e as ferramentas para saber deseñar un traballo de investigación en turismo, o método a seguir, as técnicas a empregar, as fontes de datos e a forma de redacción. A materia divídese en varias partes, tendo como obxectivo xeneral aprender a realizar tanto un traballo de investigación coma un informe para unha empresa, institución ou organización turística.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A24	Utilizar e analizar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nos distintos ámbitos do sector turístico.
A33	Creatividade.
A34	Iniciativa e espírito emprendedor.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



-Proporcionar ao alumno os coñecementos e as ferramentas para saber deseñar un traballo de investigación en turismo	A5	B1	C1
	A6	B2	C2
-Coñecer os métodos e técnicas a empregar para o deseño dun traballo de investigación	A13	B3	C3
	A24	B4	C4
-Coñecer as fontes de datos e o manexo destas.	A33	B5	C5
	A34	B6	C6
-Coñecer as fases e saber redactar un traballo de investigación, informe, etc.		B7	C7
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Métodos nas ciencias sociais	1.1 Regras xerais do método científico 1.2 Métodos nas ciencias sociais: causal, funcional, estruturalista, formal e tipolóxico. 1.3 Concepto de método e técnica. 1.4 Método indutivo ou empírico
Tema 2: Fases da investigación social (aplicado ao sector turístico): formulación, obxectivos, revisión de fontes bibliográficas, marco teórico, metodoloxía, tratamento de datos e conclusións.	2.1 Revisión de fontes bibliográficas: busca de base de datos na rede (libros dixitais, revistas, catálogos de consultas e bibliotecas universitarias) 2.2 Fase de preparación: formulación do problema, campo de investigación, marco teórico, obxectivos e deseño da investigación. Elección de instrumentos válidos e fiables. Selección da mostra representativa.
Tema 3: Fases da investigación social (aplicado ao sector turístico): formulación, obxectivos, revisión de fontes bibliográficas, marco teórico, metodoloxía, tratamento de datos e conclusións.	3.1 Recollida de datos: papel do investigador, calidade dos datos. 3.2 Análise e interpretación dos datos: codificación, construción de táboas e cadros. Interpretación dos datos. Elaboración das conclusións. 3.3 Redacción do informe
Tema 4: Técnicas de investigación social aplicadas ao turismo.	4.1. Observación participante e non participante. Tipos de estratexias. 4.2. Análise de contido. Pasos metodolóxicos. 4.3. A entrevista en profundidade, procedemento, transcripción e análise.
Tema 5: Técnicas de investigación social aplicadas ao turismo.	5.1 A enquisa, tipos de cuestións, estrutura e deseño. 5.2 Grupo de discusión 5.3 A técnica Delphi 5.4 Outras técnicas: estudo de casos, historias de vida, etc.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4 C5 C6 C7 C8	20	20	40



Análise de fontes documentais	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	24	34
Traballos tutelados	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	20	48	68
Proba mixta	A5 A6 A13 A33 A34 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	4	6
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral do profesor dos temas da materia  Modalidade online: Facilitaranse os contidos dos temas en formato pdf a través da aplicación de Moodle.
Análise de fontes documentais	O análise de fontes documentais (estudos publicados en revistas científicas relacionadas có sector turístico que serán facilitados ao longo do cuadrimestre), traballarase durante os seminarios para a súa posterior avaliación. Algúns destes artigos fomarán parte da avaliación final.  Modalidade online: A análise de fontes documentais (estudos publicados en revistas científicas relacionadas có sector turístico que facilitaranse online) traballaránse ao longo do catrimestre. Forman parte da avaliación final.
Traballos tutelados	Realización de traballos prácticos obrigatorios guiados individuais ou en grupos reducidos sobre diversas técnicas de investigación no sector turístico. No devandito traballo o alumno ou grupo hai planificar/deseñar as técnicas de investigación suxeridas na aula (observación participante, análise de contido, entrevista en profundidade e enquisa) aplicados á situación social e obxectivos empresariais/institucionais da empresa/institución seleccionada relacionada có sector. O devandito traballo forma parte da avaliación final.  Modalidade online: Realización de traballos prácticos obrigatorios guiados individuais sobre diversas técnicas de investigación no sector turístico. En dito traballo o alumno planificará/deseñará as técnicas de investigación suxeridas (observación, entrevista en profundidade e deseño de enquisa) aplicadas á situación social e obxectivos empresariais/institucionais da empresa/institución seleccionada relacionada có sector. Dito traballo forma parte da avaliación final.
Proba mixta	Exame mixto onde haberá unha parte test que valora a aprendizaxe de conceptos e outra parte de preguntas de desenvolvemento que valora a aprendizaxe de coñecementos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>A análise documental supón a atención personalizada de titorías en pequenos grupos na aula. Os traballos tutelados tamén supoñerán un seguimento e control do alumno. As titorías iranse expoñendo a medida que se explique o contido teórico do curso e a súa aplicación práctica.</p> <p>Modalidade online: A análise documental supón a atención personalizada de titorías online ou no foro. Os traballos tutelados tamén supoñen un seguimento e control do alumno online.</p>
---------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A5 A6 A13 A33 A34 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Exame mixto onde haberá unha parte test que valora a aprendizaxe de conceptos e outra parte de preguntas de desenvolvemento que valora a aprendizaxe de coñecementos.</p> <p>Modalidade online: O exame ten unha cualificación de 60%.</p>	50
Traballos tutelados	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Realización de traballos prácticos obrigatorios guiados individuais ou en grupos reducidos sobre diversas técnicas de investigación no sector turístico. No devandito traballo o alumno ou grupo hai planificar/deseñar as técnicas de investigación máis axeitadas á situación social e obxectivos empresariais/institucionais seleccionados relacionados có sector. O devandito traballo forma parte da avaliación final.</p> <p>Modalidade online: Realización de traballos prácticos obrigatorios guiados individuais sobre diversas técnicas de investigación no sector turístico. En dito traballo o alumno planificará/deseñará as técnicas de investigación suxeridas (observación participante, entrevista en profundidade e deseño de enquisa) aplicadas á situación social e obxectivos empresariais/institucionais seleccionada relacionada có sector. Dito traballo forma parte da avaliación final. Cualificación 30%</p>	40
Análise de fontes documentais	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>O análise de fontes documentais (estudos publicados en revistas científicas sobre o sector turístico que serán facilitados ao longo do cuadrimestre) traballarase durante os seminarios en grupo para a súa posterior avaliación. Forma parte da avaliación final.</p> <p>Modalidade online: A análise de fontes documentais (estudos publicados en revistas científicas sobre o sector turístico que facilitaranse online) traballaránse ao longo do catrimestre. Forman parte da avaliación final. Cualificación 10%.</p>	10

### Observacións avaliación



## Modalidade presencial:

Os traballos tutelados e análise de fontes documentais son traballos obrigatorios para a avaliación e o alumno terá que obter un mínimo dun (4) para facer media co exame, sempre e cando a media de ambas partes sumen un aprobado (5)

1ª Oportunidade: a parte práctica ten un valor dun 50%, a parte teórica ten un valor dun 50%. Aqueles que non teñan un mínimo dun 4 na parte práctica teñen que facer un exame dun 100% de cualificación de ambas partes.

Permítese unha dispensa de asistencia máxima dun 20%. A partires do 20% tense que xustificar por motivos de traballo, prácticas ou enfermidade, de non ser así, pode quedar afectado a porcentaxe de avaliación de ambas as partes.

2ª Oportunidade: gárdase a nota da parte práctica de traballos obrigatorios feitos, no caso de ter mínimo un 4 na mesma, durante o curso.

O

alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, solicitada oficialmente á EUT-CENP , poderá facer os traballos obrigatorios non presenciais e facerlos chegar ao profesor para a súa avaliación, estes alumnos poderán facer o exame dun 70% de cualificación, sempre que chegen a un mínimo dun 4 na parte práctica. No caso de non aprobar os traballos, o exame será sobre unha cualificación dun 100%.

## Modalidade online:

Os traballos tutelados e análise de fontes documentais son traballos obrigatorios para a avaliación e o alumno terá que obter un mínimo dun (4) para facer media co exame, sempre e cando a media de ambas partes sumen un aprobado (5)

## Metodoloxías cualificación:

- Análise de fontes documentais: 10%
- Traballos tutelados: 30%
- Proba mixta: 60%

1ª Oportunidade: a parte de actividades online ten un valor dun 40%, a parte teórica do exame ten un valor dun 60%.

2ª Oportunidade: gardase a nota da parte práctica de traballos obrigatorios realizados, no caso de obter mínimo un 4 na mesma, durante o curso.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Bacells i Junyent, Josep (1995). La Investigación social. Promociones y Publicaciones Universitarias</li> <li>- García Ferrando, M. y otros (2000). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. Madrid, Alianza</li> <li>- Gutierrez Brito, Jesús (2007). Investigación Social del turismo. Perspectivas y aplicaciones. Paraninfo</li> <li>- Hernández Sampieri, Roberto y otros (2006). Metodología de la investigación. Mc Graw-Hill-4ª Edición</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Socioloxía do Turismo/662G01001

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías